

Proxecto de comunidade fronte á emerxencia climática

**Sensibilización ecosocial e participación
comunitaria**



Presentado por:

ALALÁ

S.COOP.GALEGA




ÍNDICE

1. Resumo	3
2. Propostas ecosociais, revista dixital e exemplos de carteis promocionais	4-5
3. Propostas ecosociais:	
• AS MULLERES FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA	6
• ÁRBORE CON HISTORIA	7
• CAFÉ-ENCONTROS FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA	8
• CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E MICRORRELATO “AS ÁRBORES DA MIÑA CONTORNA	9
• MESA REDONDA: BOSQUES AUTÓCTONOS E CAMBIO CLIMÁTICO	10
4. REVISTA DIXITAL	11
Portada revista dixital	12
Contraportada revista dixital	13




RESUMO



Que ofrecemos?

Ofrecemos 5 propostas ecosociais enmarcadas dentro dun proxecto de sensibilización ecosocial e participación comunitaria, para complementar á Comunidade de Montes de Couso na súa labor educativa.

A través destas propostas propoñemos dinamizar e intervir na comunidade mediante **actividades, ponencias e encontros**.



Para que?

Estas propostas poderían servir para axudar á participación comunitaria fronte á emerxencia climática.

Servirían para sensibilizar, inspirar, e artellar entre todas as persoas participantes das propostas; alternativas que se adapten ás diferentes realidades individuais e de cada parroquia.


Con estas propostas ecosociais tamén logramos crear sinerxias entre entidades con valores de economía social, sostenibilidade ecolóxica, compromiso coa contorna e cooperación (entre outras)...



Persoas destinatarias e temporalización

Estas propostas van dirixidas a todas as persoas veciñas de Couso e outras parroquias do Concello de Gondomar.

O proxecto desenvolverase entre os meses de Marzo e Xuño.



Lugar

As propostas levaranse a cabo na Casa Veciñal de Couso, Gondomar.

Propostas ecosociais, revista dixital e exemplos de carteis promocionais



Mulleres fronte á emerxencia climática



Árbore con historia




Café-encontros para crear unha guía de recursos fronte á emerxencia climática desde a cidadanía





**Concurso de fotografía e micro relato
"As árbores da miña contorna"**

Propostas ecosociais, revista dixital e exemplos de carteis promocionais



Mesa redonda sobre bosques autóctonos e o cambio climático



Portada e contraportada da revista dixital “Enche o teu monte de vida autóctona”



As mulleres fronte á emerxencia climática

O cambio climático e as desigualdades de xénero son os maiores retos que temos como sociedade na actualidade.

As mulleres fronte á emerxencia climática é unha proposta cunha visión ecofeminista da defensa do territorio e da saúde das mulleres. Estes encontros son para reflexionar xuntas as conexións existentes entre o xénero e o cambio climático e artellar alternativas para presentes máis vivibles e amables nas nosas contornas.


Estes encontros toman como punto de partida as experiencias, inquedanzas e coñecementos das mulleres participantes das parroquias nas que viven.

O obxectivo é sensibilizar, reflexionar e poñer en marcha alternativas para reducir os efectos da **emerxencia climática** e as **desigualdades** na vida e no territorio que habitamos.

O proceso, conclusións dos encontros e as imaxes recolleranse nun documento dixital **#Mulleres fronte á emerxencia climática** para ser compartidas polas diferentes canles de comunicación.

- **Proposta dirixida ás mulleres da Parroquia de Couso e outras parroquias de Gondomar.**
- **3 encontros de 1 hora e media cada un.**
- **As inscricións deberán realizarse a través dun formulario de inscrición.**

Tanto a dinamización dos encontros como a creación do documento dixital que recolla as conclusións de #Mulleres fronte á emerxencia climática, protagonizada polas veciñas da Parroquia de Couso e outras parroquias do Concello de Gondomar, estará realizada pola equipa de Alalá S.Coop.Galega.



Árbore con historia

Unha proposta que ten como obxectivo recoller historias de experiencias ou lembranzas das persoas ao longo dunha vida, ao redor dunha **árbore**.

As historias recollidas quedarán reflexadas en documentos dixitais **#Árbore con historia**, para que poidan ser difundidas nas distintas canles de comunicación.

De esta forma contribuiremos a sensibilizar á poboación sobre a transcendencia das árbores na vida e a empoderar á veciñanza de Couso e outras Parroquias, a que sexan protagonistas das súas historias.

*“Aquela **árbore** que estaba na casa da miña avoa..., ou a **árbore** á que trepaba cando era cativo..., ou a **árbore** na que me acubillaba esperando a que deixara de chover...”*

Resumo das bases:

- O prazo de entrega das historias podería ir desde o 21 de marzo (Día dos bosques) ata o 15 de abril do 2024.
- As historias deben enviarse en formato PDF por correo electrónico cos datos persoais.
- Poden participar persoas de todas as idades, pero os menores deberán ter autorización das persoas titoras legais.

Alalá S,Coop Galega comprométese na xestión da recollida das historias e maquetación das mesmas para as distintas canles de comunicación.

*Alalá S.Coop. Galega tamén se compromete a acompañar á Comunidade de Montes de Couso na presentación de “Árbore con historia”, expoñendo á comunidade que con esta proposta contribuímos a crear novos imaxinarios sobre as árbores nas nosas vidas, e a visibilizar a importancia vital que ten coidar o noso territorio, poñer en valor as historias sobre as árbores e asumir que somos **seres ecodependentes: a nosa existencia e calidade de vida dependen directamente da natureza.***

Valorar e resignificar ás árbores é camiñar cara o bo vivir.



Café-encontros fronte á emerxencia climática

Esta proposta consiste en 2 faladoiros ca veciñanza na que nun ambiente distendido e cercano, poidamos achegar as claves para comprender o cambio climático e as prácticas diarias que podemos levar a cabo como cidadanía para mitigar os efectos da emerxencia climática nas nosas vidas.

Nestes encontros falaremos de:

- As claves para entender o cambio climático e a emerxencia climática.
- Agricultura.
- Xestión dos residuos.
- Conservación da auga.
- Alternativas xustas fronte ao consumismo.
- Poñer en valor os proxectos da Comunidade de Montes de Couso.



As conclusións destes faladoiros serán recollidas nunha **#guía de recursos fronte á emerxencia climática**, co fin de que a cidadanía leve a cabo unha pegada máis ecoresponsable e consciente.

Esta guía poderáse difundir nas distintas canles de comunicación ou por correo electrónico.

- Proposta dirixida a toda a veciñanza - aforo limitado a 20 persoas.
- 2 encontros de 1 hora e media cada un. Total de 3 hs.
- As inscricións deberán realizarse a través dun formulario de inscrición.

A equipa de Alalá S.Coop.Galega dinamizará e guiará ao grupo para que sexan encontros de sensibilización e acción fronte á emerxencia climática.



Concurso de fotografía e microrrelato “As árbores da miña contorna”

Propoñemos a **I edición** do concurso de fotografía e micro relato “As árbores da miña contorna”.

As árbores son un recurso natural imprescindible fronte á emerxencia climática. Nesta primeira edición resaltamos a riqueza multifuncional que teñen ás árbores e o monte e convidamos a capturar a beleza das árbores, acompañadas dun microrrelato vinculado ás árbores da contorna e a emerxencia climática. As fotografías e microrrelato das persoas gañadoras, poderían serán expostas no bosque da lingua, co obxectivo de que estes puntos difundan a iniciativa de poñer en

valor as árbores como recurso natural imprescindible fronte á emerxencia climática.



Resumo das bases:

- O prazo de envío das fotografías e do microrrelato vai desde o 22 de abril (Día da Terra) ata o 27 de Maio do 2024.
- As fotografías e microrrelato deberían enviarse por correo electrónico con datos persoais.
- Poden participar persoas de todas as idades, pero os menores deberían ter autorización das persoas titoras legais.

O xurado valorará a calidade técnica e artística, así como á creatividade das fotografías e a narrativa relacionada ás árbores da contorna coa emerxencia climática.


Alalá S, Coop Galega comprométese na xestión e organización do concurso, maquetación das fotografías e dos microrrelatos para a súa difusión polas canles de comunicación e páxina web.

Alalá S.Coop. Galega tamén se compromete a acompañar a Comunidade de Montes de Couso á presentación do concurso ou na comunicación do fallo do xurado á comunidade.

Mesa redonda: Bosques autóctonos e cambio climático

Propoñemos unha mesa redonda aberta á comunidade na que se tratará o tema dos *bosques autóctonos e o cambio climático* coa participación de diferentes persoas profesionais para axudar a comprender de forma ampla e profunda, a importancia dos bosques autóctonos fronte a emerxencia climática.

Participarán persoas expertas na rama da Bioloxía, Educación Ecosocial, Activismo, Xestión forestal e outros posibles e importantes axentes.



- **Proposta dirixida a toda a veciñanza.**
- **Temporalización: 1 hora e media.**
- **As inscricións deberán realizarse a través dun formulario de inscrición.**

Esta mesa redonda podería ser dinamizada por Alalá S.Coop.Galega e participarán as persoas ou entidades, que aportarán as distintas visións en relación aos bosques autóctonos e cambio climático.

Revista Dixital #Enche o teu monte de vida autóctona


Propoñemos a realización dunha revista dixital da Comunidade de Montes de Couso coas propostas ecosociais realizadas.

Na revista expoñeríanse a descrición dos proxectos da Comunidade de Montes de Couso xunto ás propostas ecosociais que se puideron ter levadas a cabo con Alalá S.Coop.Galega: imaxes, historias, fotografías e microrrelatos das persoas participantes, a guía de recursos fronte á emerxencia climática e demais conclusións dos traballos realizados ca veciñanza.

É unha revista dixital para a veciñanza que recolle proxectos da Comunidade de Montes de Couso e a participación da xente no proxecto de sensibilización ecosocial e participación comunitaria.



EXEMPLO DE PORTADA



EXEMPLO DE CONTRAPORTADA

REVISTA DIXITAL

Comunidade fronte á
emerxencia climática





A emerxencia climática é
un problema estrutural,
en tanto que o sistema
construído nos empuxa a
vivir ilimitadamente nun
planeta de recursos
finitos.

Ca sinerxia entre a
Comunidade de Montes
de Couso e Alalá
S.Coop.Galega
traballamos en conxunto
en prol de artellar
alternativas ecosociais
fronte á emerxencia
climática desde a
comunidade para á
comunidade.

2024

Comunidade de Montes de Couso e
Alalá S.Coop.Galega





ALALÁ

S.COOP.GALEGA

**“Vínculo entre as
persoas e a terra”**